

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- Percepción e análise
- Creación e interpretación

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Esta PD ten un carácter aberto e flexible co fin de permitir a súa adecuación á realidade do contexto socioeconómico e cultural do centro escolar e responder, así mesmo, á diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos e das alumnas, implicando activamente ao profesorado no seu desenvolvemento e concreción.

O CPI San Vicenzo da Baña está situado na parroquia de San Vicenzo. Estamos a falar dunha zona rural situada ao oeste de Santiago de Compostela, que limita cos concellos de Ames, Negreira, Val do Dubra e Santa Comba. Nos últimos anos mantéñense unhas circunstancias moi similares no que aspectos demográficos e laborais se refire. O censo de poboación do concello da Baña foi en lixeiro descenso, o que repercute loxicamente na matrícula dos dous centros educativos que atopamos no concello.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 1º primaria, contempla este nivel como esa transición á primaria, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A clase de música	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	Vai moito frío!	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través do inverno como fío	21	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Vai moito frío!	conductor. O Día da Paz, a Candeloria, o Entroido, o Día de Rosalía de Castro e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	A primavera xa chegou	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados. O Día do libro, As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Músicas e danzas	Esta UD profundiza sobre todo nas músicas e danzas da nosa propia cultura, así como as doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha cuidada selección das mesmas. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A clase de música	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa con graffa non convencional, negra e silencio de negra; son rápido e curto e son forte e piano.	PE	20
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais tradicionais e populares dos diferentes continentes, con especial fincapé nas de Galicia. Descobre o 3º mov. de O outono de Vivaldi.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 4 pulsos, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de negras e silencios de negra.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas do baile e a danza tradicional e popular dos diferentes continentes, con especial fincapé nas de Galicia.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita, en espello, os movementos corporais da persoa docente. Baixo a música do 3º mov. de O outono de Vivaldi, a modo de conto, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.

Contidos

- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Vai moito frío!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa con grafía non convencional, pulso con e sen acento e son agudo e grave. Realiza ditados de 4 pulsos: rítmicos (negra e silencio de negra) e melódicos (mi e sol).	PE	20
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais clásicas (cultas) e modernas (rock, pop, jazz, etc.). Descobre o 1º mov. de O inverno de Vivaldi.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Asigna notas (mi e sol) a unha pequena partitura rítmica de 6 pulsos (con negras e silencios de negra).		
CA2.3 - Iniciarase na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 6 pulsos, de sons acentuados e non acentuados e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da danza clásica, moderna e contemporánea.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza movementos para seren imitados en espello pola clase. Baixo a música do 1º mov. de O inverno Vivaldi, a modo de conto, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos

- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	A primavera xa chegou	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica a clave de sol; as notas do, mi e sol e o pentagrama, situando neste último os referidos elementos. Asocia sons e voces coñecidos da súa contorna a obxectos ou persoas.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe. Descobre o 1º mov. de A primavera e o 3º mov. de O verán de Vivaldi.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Dixita e toca na fruta as notas: si e la.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de 4 pulsos (notas: mi e sol; figuras negra e silencio de negra).		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que crea un conto baixo a música do 3º mov. de O verán de As catro estacións de A. Vivaldi.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da música dramática.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baixo a música do 1º mov. de A primavera de As catro estacións de A. Vivaldi, a modo de pequeno conto, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que crea os movementos e indicacións do conto previamente creado baixo a música do 3º mov. de O verán de Vivaldi.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música con voz, a capella e só instrumental en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dunha pequeno conto que empregue algúns instrumentos, ou outros, a modo de efectos dramáticos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía dunha música elixida por este, preferentemente das traballadas nesta UD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión

Contidos

- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina dedicará, polo menos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e tumbados no chan da clase:

- Consciencia e colocación da postura corporal, relaxación.
 - Respiración profunda e consciente ao tempo que escoitamos música. Traballo de discriminación auditiva en silencio.
- A continuación:
- Traballo melódico e de vocalización.
 - Fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) con percusións corporais e/ou coa voz.
 - Interpretación de cancións traballadas e aprendidas.
 - Actividades de ritmo e movemento.

Durante as sesións empregaranse recursos mixtos tomados de varios métodos da Educación Musical desenvolto por diversos pedagogos, compositores e musicólogos no século XX, tales como Dalcroze, Kodaly, Willems, Orff e J. Wuytack, que unifica o traballo de expresión verbal, corporal e musical que utilizaremos na aula con xogos, recitados, musicalización de textos, movementos.

Tamén se recurrirá á imitación con frecuencia (método demostrativo). Consiste na reprodución en ζecoζ por parte do alumnado do que eu propoña ao longo das actividades.

Iniciarase aos alumnos/as na lecto-escritura a través de métodos non convencionais, para introducir gradualmente os símbolos propios da linguaxe musical.

A metodoloxía empregada é fundamentalmente activa e está baseada en actividades de carácter lúdico e de xogo seguindo sempre as normas das actividades propostas, respectando aos compañeiros/as e coidando o material empregado. Desta maneira farase ver ao alumnado que todo xogo ten unhas regras que hai que seguir para que resulte divertido e motivante.

Partirase da palabra e do xesto para comezar coa rítmica, utilizando o corpo como instrumento de percusión. Realizaremos un traballo con letras de cancións infantís e populares para a súa musicalización, etc. Deste xeito preténdense traballar tódolos bloques de contidos e tódolos ámbitos da educación musical (oído, voz, expresión corporal e movemento, ritmo, habilidades instrumentales e lectura e escritura musical)

Cada ámbito da educación musical, aínda que case nunca se traballan dun xeito illado, serán traballados dentro da aula da seguinte maneira:

- A voz traballarase a partir do canto, con cancións populares e tradicionais ou de autor. A aprendizaxe será por imitación. Á hora de cantar prestarase atención á respiración, entoación, articulación e vocalización. Para iso faranse exercicios previos organizados en forma de xogo.

- A educación instrumental persegue o traballo con instrumentos de percusión corporal e con instrumentos de pequena percusión de altura indeterminada, con actividades baseadas en ostinatos rítmicos apoiados en palabras rítmicas e frases e actividades de acompañamento instrumental ás obras e pezas escoitadas.

- A través do movemento e expresión corporal, conseguimos afianzar o sentido de lateralidade, da percepción espacio-temporal, da expresión de sentimentos e emocións e o sentido do ritmo. Para iso propoñemos actividades como dramatizacións, marchas pola aula seguindo o pulso e o acento, danzas e coreografías adecuadas, exercicios de relaxación e de escoita atenta e consciente.

- A educación audio perceptiva a través da escoita activa, fomentando o desenvolvemento das capacidades de atención, concentración, memoria e discriminación auditiva. Traballaranse actividades para recoñecer o entorno sonoro, diferenciar instrumentos musicais e as voces femininas, masculinas e infantís

- A lectura e escritura musical baseada en códigos non convencionais e musicogramas. Para realizar actividades relacionadas con este ámbito da educación musical traballarase anteriormente a fondo de maneira práctica.

As actividades programadas pretenderán favorecer a aprendizaxe significativa a través dunha metodoloxía constructivista. Favorecerán a globalización dos diferentes ámbitos da educación musical (educación vocal, expresión instrumental, corporal e a dramatización, a educación audio perceptiva, a lectura e escritura musical, a improvisación) e presentaranse sempre de maneira lúdica. Serán variadas e estarán ordenadas e graduadas na súa dificultade.

As actividades contemplarán a aprendizaxe nunha triple vertente: conceptual, procedimental e actitudinal nas que o compoñente afectivo xoga un papel relevante.

Levaranse a cabo:

¿ Actividades de introdución e coñecementos previos: utilizadas para captar a atención e interese dos alumnos/as e saber o punto de partida.

¿ Actividades de desenvolvemento: para a exposición e asimilación das novas ideas, conceptos, procedementos e condutas.

¿ Actividades de síntese-resumo: para centrar, conectar e fixar as condutas, ideas, etc., aprendidas.

¿ Actividades de avaliación: para comprobar o nivel de adquisición dos coñecementos A maioría das veces estas actividades se levan a cabo a través da observación directa.

Para atender á diversidade do alumnado propoñemos:

¿ Actividades de reforzo: para aqueles alumnos/as que non leven o mesmo ritmo de aprendizaxe que o resto. Propostas de exercicios de reforzo e síntese.

¿ Actividades de ampliación: para aqueles alumnos/as que van por diante na súa aprendizaxe. Con actividades ou fichas de ampliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Fruta doce
Cartafof
Estoxo

A aula de música é moi ampla. Contamos con dous espazos diferenciados: un con mesas grandes para traballo grupal e outro sen mobiliario para poder realizar as audicións tumbados no chan e actividades de ritmo e movemento.

Contamos con instrumental variado: Instrumentos PAD e PAI, así como de construción propia.

Material diverso elaborado pola mestra que imparte a materia.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O/s micrófono/s, pé/s de micro e cableado empregárase para a gravación de producións do alumnado e material de soporte do profesorado.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafof para as fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Proba escrita	20	20	20	0	12
Táboa de indicadores	80	80	80	100	88

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Tendo en conta as características da materia de Educación Musical o máis importante será o traballo diario, a constancia, o esforzo e a actitude xeral na clase, crendo que limitar a nota a unha soa proba será pouco obxectivo para o alumnado, razón pola que establecemos os seguintes criterios de cualificación para cada UD:

- a) Observación do traballo diario e comportamentos: 50%

Será moi importante a actitude e o comportamento dos rapaces e rapazas durante as sesións de Ed. Musical, así como o cumprimento das normas establecidas. Debido ao carácter meramente práctico da materia os alumnos/as deberán manter unha actitude de respecto, atención e participación, non só cara a actividade docente, senón tamén cara aos seus compañeiros/as e profesor/a. Será fundamental a participación activa nas actividades, sexan estas de carácter grupal ou individuais.

Valorarase especialmente:

- A aprendizaxe de hábitos de atención: ao propio traballo, á actuación dos compañeiros/as e ás instrucións e explicacións do profesor/a
- O desenvolvemento de hábitos e técnicas de traballo.
- O manexo adecuado dos instrumentos de traballo: libros, fichas de traballo, fotocopiáveis, xogos musicais, útiles de escritura, etc.
- O cumprimento das normas establecidas polo/a profesor/a sobre o comportamento e as técnicas de traballo.
- O nivel de coñecemento en relación aos contidos traballados : Isto realizarase a través da observación diaria dos traballos, da resolución dos exercicios propostos, etc.

b) Observación e control do material específico para esta materia: 10%

A principios de cada curso solicitaráselles aos alumnos/as unha carpeta para ir gardando e almacenando ordenadamente os diferentes traballos que se irán realizando nas sesións de Educación Musical. Será responsabilidade do alumnado o coidado deste material. A orde e a limpeza no mesmo serán tidas en conta para a avaliación final.

c) Probas escritas sobre os contidos e actividades traballados na clase: 40%

Realizarse probas escritas e orais de carácter individual se se considera necesario para comprobar o nivel de aprendizaxe dos distintos contidos traballados na aula. Nestas probas avaliaranse os diferentes criterios de avaliación que aparecen reflectidos nos diferentes bloques de contidos para este nivel de primaria. No caso de realizarse terase moi en conta a presentación, a caligrafía e ortografía e a limpeza do traballo, sendo estas condicións indispensables para poder superar a proba escrita.

Os resultados expresaranse ao final do curso cunha nota media. Nela reflexarase se os alumnos/as acadaron os mínimos requeridos no curso. Os resultados servirán para modificar no que sexa preciso a práctica docente e para fomentar e potenciar ao máximo a aprendizaxe do alumnado.

Tamén se avaliará todo o relacionado cos aspectos afectivo-sociais, o equilibrio dos alumnos, e a súa inserción e integración no grupo.

A miña finalidade é que todos os obxectivos propostos sexan acadados polos alumnos/as. Isto implica que os/as que presenten un ritmo de aprendizaxe máis lento serán apoiados con modificacións. Podemos así variar os recursos empregados, reforzar os logros obtidos, os contidos procedimentais como ferramentas de traballo, etc.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia

desta materia no que á avaliación continúa se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico de música en galego para público infantil e xuvenil.	No terceiro trimestre (data por determinar)			X
Obradoiro de danzas para o Entroido en colaboración coa materia de EF	Obradoiro de danza (en relación á UD4) no centro durante o 2º trimestre dirixido a todo o alumnado e profesorado do centro.		X	
Colaboración no Xornal dixital do Centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.			X
Actividades musicais propostas polo Concello	Por determinar ao longo do curso	X	X	X

Observacións:

O concerto de música en galego é unha actividade que se propón todos o anos desde o EDLG. Ten lugar sempre no mes de xuño.

Durante o curso recibimos algunhas propostas de actividades musicais por parte do Concello. Valorarase se son do noso interese para levalas a cabo durante o horario escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiví recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados